

Plan TIC

I.E.S. de Mugardos

Curso 2010-2011

Índice de contenido

1 – Xustificación das TIC na Xustificacion das tics na educación	3
2 – Grupo de de dinamizacion	3
2.1 - Composición.....	3
2.2 - Funcións.....	3
2.3 - Funcionamento.....	4
3 – Contextualización e avaliación Contextualización e avaliacion inicial	4
3.1 - Análise do contexto do I.E.S. de Analisis de contexto do IES Mugardos	4
3.1.1 - Datos do centro.....	4
3.1.2 - Contexto ambiental no que se ubica o centro.....	4
3.1.3 - Espazo físico	4
3.1.4 - O claustro.....	4
3.2 - Analise da situación actual e as levadas a cabo.....	4
3.2.1 - Situación do profesorado	5
3.2.2 - Situación dos alumnos.....	6
3.2.3 - Equipamento informático do centro.....	7
3.3 – Detección de Detección de necesidades	8
3.3.1 – Necesidades de material.....	8
3.3.2 - Necesidades organizativas.....	8
3.3.3 - Necesidades de formación.....	8
4 – Plan de actuación	9
4.1 -Obxectivos.....	9
4.2 - Propostas de actuación	10
4.2.1 – Proposta 1 – Crear un espazo de intercambio de información entre docentes.....	10
4.2.2 – Proposta 2 - Potenciación do uso do software libre e gratuíto.....	11

4.2.3 – Proposta 3 – Potenciar o uso de estándares abertos.....	11
4.2.4 – Proposta 4 – Habilitar un servidor de arquivos.....	12
4.2.5– Proposta 5– Organizar o uso das aulas de informática.....	13
4.2.6– Proposta 6 – Organizar o uso dos equipos informáticos da biblioteca.....	13
5 – Organización dos espazos do centro e reutilización dos recursos TIC existentes no.....	14
6 - Proposta metodolóxica de actividade	17
6.3 – Metodoloxía.....	17
6.2 - Actividades.....	18
Área de Francés.....	18
Área de Lingua Galega.....	18
Área de Música.....	20
Área de Matemáticas.....	22
Área de Economía.....	26
Área de Física e Química.....	28
Área de Grego e Cultura clásica.....	28
Área de Tecnoloxía.....	30
Área de Educación Plástica e visual.....	31
7 - Plan de formación do profesorado no uso das TIC.....	33
8 - Estratexias de coordinación do profesorado.....	34
9 – Plan de avaliación.....	34
10 – Medidas para difundir o proxecto.....	34

1 – Xustificación das TIC na educación

Un centro educativo non pode permanecer a marxe do desenvolvemento que as T.I.C. (as tecnoloxías da información e a comunicación) están a ter na sociedade. Estas tecnoloxías posibilitan novos xeitos de comunicación e están a traer novas actitudes na xuventude. Deben incorporarse como un recurso máis ó proceso de ensino-aprendizaxe. Isto supón un gran reto para os docentes, pois abre novas posibilidades didácticas que hai que explorar. O decreto 133/2007 do 5 de Xullo prevé a elaboración dun plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación que implique un cambio metodolóxico e unha adaptación a esta nova realidade para un mellor aproveitamento das posibilidades que estas tecnoloxías ofrecen. Se prevé a integración da información e a comunicación a nivel de centro e de aula. A referencia orientadora deberá ser que ó rematar a escolarización, os alumnos acaden una competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información. Hoxe mais que nunca, a utilización das tics na enseñanza veñen avaladas pola presenza do proxecto do plan ABALAR da conselleria, na que o centro participa. Este proxecto non é máis que o a maneira de ir sistematizando un pouco o manexo das tics como recurso e necesidade na educación actual.

2 – Grupo de dinamización

2.1 - Composición

O grupo de dinamización está formado polos seguintes profesores:

- Félix Retuerto Franco (Dinamizador)

2.2 – Funcións

As funcións da dinamización TIC están determinadas pola **Orde do 17 de xullo do 2007** da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (publicada no D.O.G. Nº 143 do Martes 24 de xullo de 2007).

A continuación reproducécese o marco legal das funcións da dinamización TIC.

En colaboración co profesorado de apoio, serán as seguintes:

1. Dinamizar e impulsar o uso das TIC do centro.
2. Mantemento cotián dos equipamentos informáticos do centro, constituíndo o primeiro nivel de soporte destes, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
3. Dar soporte, no uso didáctico, do equipamento informático do centro, ao resto do claustro, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
4. Elaborará, por requirimento do equipo directivo e das liñas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, o proxecto TIC e a organización e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro.
5. Asesorar, de ser o caso, no mantemento do sitio web do centro.

6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa normativa específica.

3 – Contextualización e avaliación inicial

3.1 - *Análise do contexto do I.E.S. de Mugar dos*

Todo plan vai dirixido a un contexto determinado, polo que é imprescindible realizar un estudo previo deste contexto.

3.1.1 - Datos do centro

Nome do centro: I.E.S de Mugar dos

Dirección postal: Rúa do Cristo S/N, Mugar dos 15620

Portal web: <http://centros.edu.xunta.es/iesdemugar dos/>

e-mail: ies.mugar dos@edu.xunta.es

Teléfono: 981472074 Fax: 981470818

3.1.2 - Contexto ambiental no que se ubica o centro

O emprazamento físico é o Monte da Pandoira, promontorio situado na parte alta da vila de Mugar dos, desde onde se divisa gran parte da ría de Ferrol. É un centro público que atende ás poboacións dos concellos de Mugar dos e de Ares. Ten un carácter comarcal pois atende a dous concellos con referencias xeográficas distintas: o concello de Mugar dos que ten como referencia a ría de Ferrol e o concello de Ares que ten como referencia a ría de Ares. No centro se imparten ensinanzas de E.S.O., Bacharelato, P.C.P.I. e E.S.A.

3.1.3 - Espazo físico

O centro consta de dous edificios. O principal, no que se desenvolven as actividades administrativas e case todas as actividades docentes e o ximnasio. Na planta baixa do edificio principal atópanse os servizos administrativos, a dirección e a biblioteca. Na segunda e terceira plantas atópanse as aulas, laboratorios e departamentos.

O centro conta con dúas aulas de informática. A segunda aula creouse no curso 2007/2008.

3.1.4 - O claustro

O claustro está formado por 39 profesores que imparten ensinanzas de E.S.O., Bacharelato, P.C.P.I. e E.S.A.

3.2 - *Análise da situación actual e das accións levadas a cabo*

Para realizar unha análise da situación real de uso das TIC entre o profesorado e os alumnos, fíxose unha enquisa como método de recollida de información. Non pode realizarse unha análise se información axeitada. A enquisa tamén é un bo xeito para detectar necesidades de formación.

3.2.1 - Situación do profesorado

A situación analízase en base a unha enquisa realizada no mes de decembro de 2007 polo equipo de dinamización das TIC. O número de enquisas contestadas e entregadas foi de 21 sobre un total de 42 profesores. En canto ao acceso aos recursos informáticos obsérvase unha abafante maioría que accede a eles na casa (90%) seguido da sala de profesores (62%). Compróbase que o acceso as TIC nas aulas é mínimo (só un 10%, 2 profesores) e pouco significativo na aula de informática (19%, 4 profesores). Respecto dos programas utilizados máis frecuentemente atopamos a seguinte situación:

- procesador de texto (un 97% utilízao bastante ou moito);
- navegadores para internet (un 90% utilízaos bastante ou moito)
- os buscadores (95%)
- o correo electrónico (86%).

Xa cunha incidencia moito menor atoparnos os programas de deseño gráfico (19%), os programas de presentacións (15 %), as bases de datos e os editores HTML (un 10%).

Os usos maioritarios do ordenador son a edición de documentos (100%), a formación e o perfeccionamento (71%), o ensino na aula (un 52%) e a comunicación con outras persoas (43%).

As maiores dificultades atopadas para a incorporación da informática ao traballo diario débense a

- escasa dispoñibilidade de equipos informáticos no centro (un 67%)
- Incremento do tempo de adicación (43%)
- Falta de preparación (33%)

Un 76% dos enquisados considera que recibiu pouca formación no uso das TIC ao longo da vida profesional.

En canto á utilización das TIC nas materias impartidas a resposta maioritaria é que se empregan pouco (un 62%). Tras esta resposta, é igual o número de profesores que non emprega nada as TIC que o número que as emprega moito ou bastante. En cambio, un 95% considera que as TIC poden ser un recurso importante para mellorar o ensino.

A hora de concretar en que aspectos se considera que as TIC poden favorecer os procesos de ensino-aprendizaxe, destacan cun grao de resposta de bastante-moito

- Variedade de códigos de información (un 95%)
- Aprendizaxe autónoma (86%)
- Alta motivación (85%)
- Flexibilidade (85%)
- Facilidade de uso (67%)

- Aprendizaxe cooperativa (66%)

Nos dous últimos aspectos apréciase unha diverxencia de opinións cara aos extremos.

En canto aos aspectos en que gustaría que as TIC axudasen no labor docente chama a atención que só un 24% dos enquisados (5 persoas) destacan a comunicación cos pais. Os aspectos que máis interese suscitan son a obtención de materiais didácticos (un 76%) e a motivación dos alumnos pola materia (71%).

Na valoración de qué factores importan máis de cara ao éxito da implantación das TIC no centro atopamos o seguinte:

- A aceptación dos alumnos (un 91 % o considera bastante ou moi importante)
- A aceptación dos profesores (un 86%)
- O número de ordenadores (un 76%)
- O número de profesores participantes (un 76%)
- O número de materias implicadas (un 71 %)

Destaca que un 62% dos enquisados considera pouco importante de cara ao, éxito das TIC a aceptación das familias. Así mesmo, os resultados académicos ofrecen unha valoración diverxente por parte do profesorado: un 29% considera que son algo importante no éxito das TIC e outro 29% considera que son moi importantes.

3.2.2 - Situación dos alumnos

A situación analízase en base a unha enquisa realizada nos meses de decembro de 2007 e xaneiro de 2008 polo equipo de dinamización das TIC. O número de enquisas contestadas e entregadas foi de 106 sobre un total de 210 alumnos.

Unha notable maioría de alumnos do noso centro ten ordenador na casa (un 89 chegando ao 100% no caso dos alumnos de 4º de ESO e do PGS. Supérase o 90% de alumnos que teñen ordenador en 2º, 3º, 4º de ESO e 1º de Bacharelato; entre o 75 % e o 85% están os alumnos de 1º de ESO e 2º de Bacharelato. En cambio, tan só un 33% do alumnado de ESA dispón de ordenador na casa. Un 63% do alumnado ten conexión a Internet na casa. Destacan os alumnos de PGS (100 %), 4º ESO, 1º BAC e 3º de ESO, (todos eles por riba do 80%), os de 2º de BAC (un 54 %), os de 1º ciclo (42 e 46 %) e ,moi lonxe, os alumnos da ESA (17 %).

Ten dirección de correo electrónico un 80 % do alumnado aínda que tan só un 37 %o utiliza habitualmente(destaca no uso o alumnado de 4º da ESO un 63 % En canto ao acceso aos recursos informáticos obsérvase unha maioría que accede a eles na casa (69%) seguido dos lugares públicos (30%), e tan só un 10% do alumnado acceda aos recursos informáticos na aula de informática do centro. A excepción constitúea o alumnado da ESA que accede maioritariamente na aula de informática. Compróbase que o acceso as TIC no centro é mínimo.

Un 53 % do alumnado declara saber utilizar correctamente o teclado, empregando todos os dedos.

As cifras máis baixas danse no PGS e na ESA e en 2º de BAC (33, 33 e 38%)

Respecto dos programas utilizados máis frecuentemente atopamos a seguinte situación:

- chat: un 75 % de media , mínimo de 62% en 2º de ESO e máximo en PGS (100%), 4º ESO (84 %) e ESA (83%).
- navegadores para internet: un 74% utilízaos habitualmente
- procesador de texto: un 73 %, máis en 2º BAC (100%), 2º ESO e 1º BAC (arredor do 80%) e mínimo no PGS (33%)
- programas P2P: un 50% do alumnado utilízaos habitualmente, salvo o alumnado do PGS (só un 17%)
- o correo electrónico: só un 37% do alumnado utilízao habitualmente.

Xa cunha incidencia moito menor atopamos os programas de edición de fotografía (32%), os programas de presentacións (28%), as follas de cálculo (20%) e as bases de datos (7%).

As preguntas relativas aos usos maioritarios do ordenador repartíronse entre usos educativos e ocio.

En canto ao uso educativo, o emprego maioritario é como fonte de busca de información (un 97% do alumnado do centro).

Un 86 % do alumnado emprega o ordenador para facer traballos de clase ou estudar. Destacan o 100% do alumnado de 2º de BAC, 93% de 3º de ESO, 90% de 1º de BAC, 89% de 4º ESO. Baixa

algo na ESA (83%) e no 1º ciclo da ESO (arredor do 76%), e só un 50% do alumnado de PGS. Como fonte de ocio, para ver vídeos, é utilizado polo 86% do alumnado (máximo en 3º de ESO e 1º de BAC, máis do 90%, e mínimo en PGS cun 67%).

3.2.3 - Equipamento informático do centro

O centro conta con dúas aulas de informática: unha aula “vella” dotada con 13 ordenadores e una aula “nova” dotada con 9 ordenadores.

Hai ordenadores para uso do profesorado nos departamentos e na sala de profesores. Todas as aulas e departamentos así como a biblioteca, están dotados con conexión de rede. Ademais o centro dispón de conexión de rede wifi. Se dispón de un ordenador portátil e un canón proxector a disposición do profesor que o solicite para a súa clase.

A biblioteca está dotada con tres ordenadores, un escáner e unha impresora.

O salón de actos ten instalado un canon proxector fixo, un ordenador e un reprodutor de video así como un sistema de audio mezclador

Sete aulas están dotadas de canón proxector e ordenador.

En canto as impresoras, hai unha mestura de marcas, modelos e tipos. As impresoras de inxección de tinta son as máis numerosas, aínda que hai varias de tipo láser.

Aula de informática nova

É unha aula de recente creación. Foi creada no curso 2007/2008. Consta de 8 ordenadores de tipo Pentium III e un de tipo Core 2 duo. Os dous equipos máis novos teñen instalado Windows XP os demais Windows 98. Teñen unha conexión a rede de tipo wifi.

Aula de informática vella

Está dotada con 13 ordenadores. Un deles é para uso do profesor que está conectado a un canón proxector. Hai un ordenador de tipo Pentium 4, 9 de tipo Core 2 duo, 3 de tipo Pentium III. Os equipos máis novos teñen instalado Windows XP e Linux e os demais Windows 98. Todos os equipos teñen conexión a rede cableada. Hai dúas impresoras que funcionan compartidas na rede. Tamén se dispón dun escáner.

Software empregado

Emprégase tanto software comercial como software libre. A suite ofimática OpenOffice está instalada nas dúas aulas de informática, biblioteca, sala de profesores, administración e departamentos. A tendencia é a un maior uso de software libre ou gratuíto.

3.3 – *Detección de necesidades*

As necesidades do centro poden clasificarse en materiais, organizativas e de formación.

3.3.1 – Necesidades de material

Necesidades de hardware

As dúas aulas de informática precisan a substitución dos equipos máis vellos. Hai moito software novo que non pode utilizarse en equipos dotados de Windows 98. A situación máis problemática dáse cos navegadores de internet. Se precisan máis ordenadores e canóns proxectores para dotar a cada aula de cadanseus equipos.

Necesidades de software

Precisárase algunhas licenzas de software educativo en determinados casos que non hai una alternativa de software libre ou gratuíto.

3.3.2 - Necesidades organizativas

O crecente número de equipos informáticos fai precisa unha racionalización no uso das impresoras. Obsérvase unha gran heteroxeneidade nas impresoras. Hai impresoras de diversas marcas e modelos. Cada modelo require un cartucho de tinta ou tóner diferente. Deste xeito faise complicada a xestión das impresoras. Cumpre facer un estudo para centralizar a impresión dalgunhas áreas do centro en impresoras de rede.

3.3.3 - Necesidades de formación

A realización dunha enquisa anual entre o profesorado e os alumnos é bo método para a detección de necesidades de formación. Tamén permite facer unha avaliación dos coñecementos e experiencias do profesorado, o que é interesante de cara a organizar actividades de formación

internas. No curso (2007/2008) fíxose unha enquisa que xa permitiu observar que os docentes en xeral pensan que tiveron pouca formación en informática. Aínda que a maioría do profesorado di empregar algún procesador de textos, a formación no uso do OpenOffice permitiría fomentar o emprego desta suite ofimática gratuita. Aínda que xa hai moitos profesores que empregan o canón proxector, é necesario realizar no propio centro un curso do seu uso e as súas posibilidades como ferramenta diaria na clase. Sería interesante unha mellora na formación en todas as novas posibilidades da chamada web 2.0: wikis, blogs, ferramentas colaborativas, ferramentas en liña, etc.

4 – Plan de actuación

4.1 – Obxectivos

A continuación aparecen os obxectivos que se pretende acadar. Nalgúns casos son obxectivos a medio e longo prazo que requiren máis dun curso. Son obxectivos ambiciosos, pero necesarios para un ensino de calidade no noso tempo. Os obxectivos aparecen clasificados como obxectivos a curto ou longo prazo.

a) Obxectivos xerais

- Optimizar o uso dos recursos materiais e humanos do centro para facilitar a incorporación das T.I.C. ó proceso de ensino-aprendizaxe. (Obxectivo a curto prazo)
- Utilizar os soportes informáticos para o almacenamento e utilización de documentos oficiais. (Obxectivo a curto prazo)

b) Obxectivos en relación co centro

- Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración de toda a comunidade educativa. (Obxectivo a longo prazo)
- Potenciar a biblioteca escolar como centro de recursos multimedia para a obtención de información e para a aprendizaxe. (Obxectivo a curto prazo.)
- Dotar progresivamente ó centro de material informático necesario o desenvolvemento do uso das T.I.C. (Obxectivo a curto prazo.)
- Utiliza-las T.I.C. Como ferramenta de unificación de documentos e xestión administrativa do centro. (Obxectivo a longo prazo.)
- Permitir o acceso rápido no referente a normativas, lexislación, convocatorias, etc. (Obxectivo a curto prazo.)

c) Obxectivos en relación co profesorado

- Manexo con soltura dos medios informáticos e audiovisuais do centro para o seu aproveitamento didáctico. (Obxectivo a curto prazo.)
- Emprego das T.I.C. para o traballo cotián e na aula: programacións, proxectos, actividades, exames, fichas, etc. (Obxectivo a curto prazo.)

- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación. (Obxectivo a longo prazo.)
- Potenciar a busca de información a través do ordenador, tanto de temas profesionais como docentes. (Obxectivo a curto prazo.)
- Intercambio de experiencias docentes, actividades, etc con outros docentes a través dos medios dixitais, como correo electrónico, páxinas web, wikis, etc. (Obxectivo a curto prazo.)
- Detección das necesidades formativas do profesorado. Elaboración dun plan de formación interno. (Obxectivo a curto prazo.)
- Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas ou materias en relación coas T.I.C. (Obxectivo a curto prazo.)

d) Obxectivos en relación cos alumnos

- Adquisición das habilidades necesarias para buscar, obter, procesar e comunicar información (competencia dixital).(Obxectivo a curto prazo.)
- Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.(Obxectivo a curto prazo.)
- Facilitar o acceso as T.I.C. por parte do alumnado con necesidade especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes. (Obxectivo a curto prazo.)
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida. (Obxectivo a curto prazo.)
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.(Obxectivo a curto prazo.)
- Fornecer o alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación. (Obxectivo a curto prazo.)
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas. (Obxectivo a curto prazo.)
- Potenciar a comunicación cos seus iguais.(Obxectivo a curto prazo.)
- Favorecer a superación das limitacións de acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación derivadas das desigualdades sociais.(Obxectivo a curto prazo.)

d) Obxectivos en relación coas nais e país

- A través das asociacións de nais e de pais do centro, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das tecnoloxías da información e a comunicación. (Obxectivo a curto prazo.)

4.2 - *Propostas de actuación*

De seguido se exporán unha serie de medidas xunto cos obxectivos a curto prazo que se pretenden acadar.

4.2.1 – Proposta 1 – Crear un espazo de intercambio d información entre docentes.

Descrición:

Trátase de crear un espazo de intercambio de enlaces a información potencialmente útiles para outros docentes.

Esta proposta persegue varios obxectivos:

- Potenciar a busca de información a través do ordenador.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.

Actuación

Este espazo pode tomar a forma dun taboleiro de anuncios clásico ou dixital na sala de profesores. Sería un espazo onde os docentes poden colocar enlaces a información que atopan na súa tarefa diaria e que poden resultar de interese para outros docentes.

Responsables

O grupo de dinamización

Procedemento

Solicitud dun taboleiro de anuncios específico na sala de profesores.

Prazo

1º trimestre

4.2.2 – Proposta 2 - Potenciación do uso do software libre e gratuíto

Descrición

Fomento do uso do software libre e gratuíto. Trátase de introducir na práctica diaria o uso de software libre e gratuíto. En moitos casos este software cobre as necesidades da comunidade educativa cun considerable aforro económico fronte a outros tipos de software. Isto non exclúe que en determinados casos se requira o uso de software propietario de pago. Esta proposta persegue varios obxectivos:

- Favorecer a superación das limitacións de acceso as TIC derivadas das desigualdades sociais.
- Dotar progresivamente ó centro de material informático necesario para desenvolver o uso das TIC.
- Utilizar programas e contornos que faciliten os obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.

Actuación

Promover a instalación de software libre e gratuito de carácter variado (suites ofimáticas, edición de imaxe, gráficos vectoriais, navegadores, etc) nos ordenadores das aulas de informática, sala de profesores, biblioteca e administración. Difundir información do software libre e gratuito dispoñible a toda a comunidade educativa.

Procedemento

Instalar unha selección variada de software libre e gratuito nos ordenadores das aulas de informática, sala de profesores, biblioteca e administración. Dar publicidade ós programas instalados en taboleiros de anuncios. Comunicar ós departamentos a existencia de programas libres e gratuítos relacionados cas materias do seu ámbito e recabar información sobre as súas necesidades en materia de software. Animar o uso deste software nas clases.

Prazo

1º,2º e 3º trimestre

4.2.3 – Proposta 3 – Potenciar o uso de estándares abertos

Descrición

Fomento do uso no centro de estándares informáticos abertos. A utilización de formatos propietarios de arquivo obriga a depender de aplicacións informáticas que adoitan ser custosas. A utilización de estándares abertos é interesante de cara ó almacenamento de documentos e nas comunicacións por correo electrónico. Esta proposta persegue os seguintes obxectivos:

- Utilizar os soportes informáticos para o almacenamento e utilización de documentos oficiais
- Utiliza-las T.I.C. Como ferramenta de unificación de documentos e xestión administrativa do centro.

Actuación

Solicitar o uso de estándares abertos na medida que sexa posible. Despregar o software necesario para o uso de estándares abertos.

Procedemento

Presentar solicitude á dirección do centro para que se empreguen estándares abertos na medida que sexa posible. Dar publicidade ó claustro das vantaxes de utilizar os ditos estándares. Instalar software que facilite a creación de documentos en formatos abertos como poden ser PdfCreator e OpenOffice.

Prazo

3º trimestre

4.2.4 – Proposta 4 – Habilitar un servidor de arquivos

Descrición

Habilitar un disco duro de rede como servidor de arquivos que de servizo á sala de profesores e ordenadores da administración. Esta proposta persegue os seguintes obxectivos:

- Utilizar os soportes informáticos para o almacenamento e utilización de documentos oficiais
- Utiliza-las T.I.C. Como ferramenta de unificación de documentos e xestión administrativa do centro.
- Permitir o acceso rápido no referente a normativas,lexislación,convocatorias, etc.

Actuación

Solicitar a adquisición dun disco duro de rede para utilizar como servidor de arquivos.

Procedemento

Presentar solicitude á dirección do centro para a adquisición dun disco duro de rede. Instalar e configurar o software necesario.

Prazo

3º trimestre

4.2.5 – Proposta 5 – Organizar o uso das aulas de informática

Descrición

Organizar o uso das aulas de informática. Esta proposta persegue os seguintes obxectivos:

- Optimizar o uso dos recursos materiais e humanos do centro para facilitar a incorporación das T.I.C. ó proceso de ensino-aprendizaxe.

Actuación

Elaboración dun regulamento de uso das aulas de informática.

Procedemento

Se procederá á elaboración dun regulamento de uso das aulas de informática.

Prazo

2º trimestre

4.2.6 – Proposta 6 – Organizar o uso dos equipos informáticos da biblioteca

Descrición

Organizar o uso dos equipos informáticos da biblioteca. Esta proposta persegue os seguintes obxectivos:

- Optimizar o uso dos recursos materiais e humanos do centro para facilitar a incorporación das T.I.C. ó proceso de ensino-aprendizaxe.
- Facilitar o acceso as T.I.C. por parte do alumnado con necesidade especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- Utilizar o ordenador polos alumnos como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Favorecer a superación das limitacións de acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación derivadas das desigualdades sociais.
- Potenciar a comunicación cos seus iguais.

Actuación

Elaboración e implantación dun regulamento de uso dos equipos informáticos da biblioteca.

Procedemento

Se procederá á elaboración dun regulamento de uso dos equipos informáticos da biblioteca.

Prazo

2º trimestre

5 – Organización dos espazos do centro e reutilización dos recursos TIC existentes no centro

O centro conta con dúas aulas de informática: unha aula “vella” dotada con 13 ordenadores e unha aula “nova” dotada con 9 ordenadores.

Hai ordenadores para uso do profesorado nos departamentos e na sala de profesores. Todas as aulas e departamentos así como a biblioteca, están dotados con conexión de rede. Ademais o centro dispón de conexión de rede wifi. Se dispón de un ordenador portátil e un canón proxector a disposición do profesor que o solicite para a súa clase.

A biblioteca está dotada con tres ordenadores, un escáner e unha impresora e un canón proxector fixo. O salón de actos ten instalado un canón proxector fixo, un ordenador e un reprodutor de vídeo e sistema de audio mezclador. Sete aulas están dotadas de canón proxector e ordenador.

En canto as impresoras, hai unha mestura de marcas, modelos e tipos. As impresoras de inxección de tinta son as máis numerosas, aínda que hai varias de tipo láser.

O centro tamén conta cun portal web.

Aula de informática nova

É unha aula de recente creación. Foi creada no curso 2007/2008. Consta de 8 ordenadores de tipo Pentium III, e 1 de tipo Core 2 duo. O equipo máis novo e un dos outros teñen instalado Windows XP e os demais Windows 98. Teñen unha conexión a rede de tipo wifi.

Aula de informática vella

Está dotada con 13 ordenadores. Un deles é para uso do profesor que está conectado a un canón proxector. Hai un ordenador de tipo Pentium 4, 9 de tipo Core 2 duo e 3 de tipo Pentium III. Os equipos máis novos (Pentium 4 e Core 2 duo) teñen instalado Windows XP e Linux e os demais Windows 98. Todos os equipos teñen conexión a rede cableada.

Hai dúas impresoras que funcionan compartidas na rede. Tamén se dispón dun escáner.

Normas de utilización das aulas de informática

- Reflectirase no horario o uso previsto das aulas de informática polo profesorado implicado no proxecto para asegurar a execución das actividades recollidas nas programacións.
- O uso das aulas de informática fora do horario previsto implicará reserva previa.
- O alumnado deberá ir e permanecer acompañado por un profesor.
- Identificación da ubicación do alumnado nas aulas de informática:
 - Os alumnos/as deberán cumprimentar íntegramente a folla de utilización dos equipos indicando: nº de ordenador, sesión de clase, nome, apelidos, curso e grupo e profesor que imparte a clase.
- O alumnado é responsable do estado do posto de traballo que emprega.
- Prohíbese a instalación e desinstalación de software así como a modificación da configuración dos equipos por parte dos usuarios (incluíndo fondos de escritorio e salvapantallas).
- Os arquivos que deixen os alumnos/as no disco duro deberán estar situados exclusivamente na carpeta "Os Meus Documentos" e situados nunha carpeta que identifique a materia e curso.
- As incidencias notificaranse ó equipo de dinamización TIC empregando o parte correspondente que se recollerá semanalmente. Neste parte se reflectirá o día, hora, curso, grupo, profesor encargado do grupo e a natureza da incidencia:
 - Se non funciona un ordenador, impresora, teclado, rato, etc.
 - Problemas de conexión.
 - Danos no material ou instalacións.
 - Calquera outra incidencia destacable.
- Ó rematar a clase o profesor deberá verificar o apagado de todo-los equipos.

Normas de uso dos ordenadores da Biblioteca

- Os alumnos/as poderán empregar os ordenadores da biblioteca só con permiso dun profesor e na súa presenza.

- Para usar os ordenadores os alumnos/as deberán cumprimentar íntegramente a folla de utilización indicando: nº de ordenador, hora de comezo, nome, apelidos, curso e grupo, profesor acompañante e sinatura dos alumnos/as.
- O uso dos ordenadores para realizar traballos ou consultas ten total preferencia sobre outros usos lúdicos.
- Por razóns organizativas ou outras debidamente xustificadas, de forma excepcional, poderá limitarse parcial ou totalmente por un tempo determinado o uso diario dos ordenadores.
- Como máximo haberá dous alumnos/as por ordenador.
- Queda terminantemente prohibida a instalación de programas e aplicacións ou calquera modificación da configuración dos ordenadores por parte dos usuarios/as.
- Para descargar ficheiros de Internet deberase pedir permiso ao profesor encargado da Biblioteca.
- Non se deixarán arquivos no disco duro dos ordenadores. Os alumnos/as empregarán chaves USB, DVD ou calquera outro método de almacenamento pertinente para almacenar os arquivos
- Para escoitar música ou calquera arquivo que conteña son, o alumno/a deberá utilizar auriculares propios.
- Os ordenadores servirán como ferramentas de consulta e procura de información a través de Internet con fins educativos, polo que non se poderán visitar ningún tipo de páxinas non adecuadas a estes propósitos (xogos, chats, páxinas pornográficas , xenófobas, racistas, violentas, terroristas, etc).
- Se houbese moita demanda dos ordenadores, realizarase un cadro de reservas de uso, onde os alumnos/as poderán apuntarse previamente.
- O usuario/a faise responsable dos danos que puidese ocasionar ao equipo por un indebido uso do mesmo.
- O usuario/a que estea utilizando o ordenador deberá asegurarse de que quede totalmente apagado cando remate a sesión lectiva (hora de clase ou recreo).

O incumprimento dalgunha destas normas, así como o uso indebido do mesmo por parte dalgún usuario/a poderá supoñer a adopción das medidas sancionadoras e correctivas pertinentes.

6 - Proposta metodolóxica e de actividades

6.3 – Metodoloxía

O proceso de ensino-aprendizaxe para cada materia é distinto, pero hai algúns puntos comúns:

- Busca de información en internet ou outros medios dixitais de xeito individual ou en grupo. Hai que ensinar ós alumnos a valorar a información atopada de xeito crítico e a escoller aquelas partes relevantes.
